

Mario Caneiro

# Túnel de vento

BARBANTESA



*Porque ayer me ha pasado su recibo:  
Otro día al alcance de la mano*

JAVIER KRAHE

*Nos vosos rostros xoves. Despedide  
Estes barcos nocturnos, como quen sabe acaso  
Que algo parte con eles.*

RAMIRO FONTE



*A Chus, porto de abrigo*



## MARCO TEÓRICO





## DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS

Eu non esperaba  
nada da vida  
ese xeito  
que temos os covardes

de esperalo todo.

## FIN DE PARTIDA

E non te salvará  
o vaso de licor  
derramado nas feridas.

Un día verás  
desaparecer  
a infancia  
nunha ola de arxila  
que só poderá encher

a túa vida.

## INTENCIÓN

Non ser o café  
que por despiste  
se bebe

frío

e a destempo.

## NUNCA E SEMPRE

Non queiramos ser  
árbores de folla perenne.  
Non estoupa nelas  
a primavera  
de xeito tan evidente.  
Nunca e sempre

son palabras inhumanas.